



Pilar Rojo defende o labor dos servizos xurídicos parlamentarios como unha “garantía de profesionalidade”

- Inaugurou as XVIII Xornadas da Asociación Española de Letrados de Parlamentos
- “A proximidade ao cidadán é, con carácter xeral, unha das maiores fortalezas do parlamentarismo moderno”

Santiago, 21 de setembro de 2011.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, inaugurou esta mañá as XVIII Xornadas da Asociación Española de Letrados de Parlamentos (AELPA) que se desenvolven na Cámara galega baixo o título “Parlamento e organización territorial”.

Na súa intervención, a titular do legislativo galego recoñeceu que “todos, especialmente os deputados, somos coñecedores da relevancia dos servizos xurídicos das Cámaras e da importancia que reviste o control da legalidade en todos e cada un dos actos que se desenvolven cada día nas nosas institucións”.

Nesta liña, Rojo Noguera amosouse convencida de que o control de legalidade efectuado polos letrados en todos os actos e trámites parlamentarios “constitúe, sen dúbida, unha garantía de profesionalidade”.

Consolidación da autonomía

O presidenta da Cámara aproveitou o feito de que a celebración destas xornadas coincida coa celebración do 30 aniversario do Parlamento de Galicia para destacar que estas tres décadas poñen de manifesto a “consolidación da nosa autonomía e o papel de estabilidade e compromiso asumido



con lealdade á Constitución e solidariedade co resto dos territorios”.

Na súa opinión, “a evolución do noso Parlamento é a evolución do autogoberno galego e do afianzamento competencial”.

Entre os asuntos a abordar nas xornadas que desde hoxe e ata o vindeiro venres se celebran en Santiago, Rojo Noguera destacou a Mesa redonda titulada “Avaliación do parlamentarismo español”, na que tomarán parte os portavoces dos tres grupos políticos representados no Parlamento de Galicia.

Proximidade

Tamén se referiu a presidenta da Cámara á permanente actualidade doutro dos asuntos que será obxecto de análise: o control parlamentario dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade en España. Nesta liña, e en opinión de Rojo Noguera, “a proximidade ao cidadán é, con carácter xeral, unha das maiores fortalezas do parlamentarismo moderno. É a única forma de garantir que o proceso de toma de decisións sexa xusto e equilibrado, dando resposta ás verdadeiras demandas das persoas”.

“Nestes momentos difíciles para todos, a transcendencia das decisións das cámaras autonómicas resulta máis esencial ca nunca na adopción de medidas políticas efectivas para superar a crise económica, pero tamén a crise de confianza que estamos sufrindo”, aseverou Rojo.

Como exemplos de traballos “que realmente importan ás persoas” e sitúan ao parlamento no “centro do sistema político”, Pilar Rojo sinalou a lei de disciplina presupostaria e a autorización do teito de gasto da Comunidade Autónoma, tramitadas recentemente no Parlamento de Galicia.



Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia